d)Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: Ata a adxudicación do contrato.

8.- Apertura de ofertas:

a) Dirección: Casa do Concello.

b) Data e hora: Na data e hora que se convoque pola Presidencia da Mesa e coa antelación suficiente para o seu coñecemento.

9.- Gastos de publicidade: Por conta do contratista adxudicatario.

Oourol, dous de marzo de dous mil dezaoitos.- O alcalde, José Luis Pajón Camba

R. 0651

PANTÓN

Anuncio

O pleno Municipal en sesión ordinaria do 22 de febreiro do 2018 aprobou provisionalmente a ordenanza reguladora da venda ambulante no Concello de Pantón, o que se fai público durante o prazo de trinta días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poida examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que se estimen oportunas, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

De non presentarse reclamacións, entenderanse elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Pantón, a 23 de febreiro do 2018. O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0587

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 22/02/2018 o Orzamento municipal do exercicio 2018, xunto co cadro de persoal, bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ó expediente, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de 15 días hábiles- que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no B.O.P.- co fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que se consideren pertinentes.

Pantón, a 23 de febreiro do 2018.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0588

POL
Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 6 de marzo de 2018, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, para a adxudicación do contrato de subministración de unha motoniveladora usada, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Pol
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia: Concello de Pol
 - 2) Domicilio: Plaza de Galicia, nº 1 - Mosteiro
 - 3) Localidade e código postal: Pol - 27270
 - 4) Teléfono: 982345029
 - 5) Fax: 982345330
 - 6) Correo electrónico: concello@concellodepol.gal
 - 7) Dirección de Internet do perfil do contratante: <http://www.concellopol.es/>
 - 8) Data límite de obtención de documentación e información: 8 días naturais, contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo
- d) Número de expediente: 71/2018

2. Obxecto do Contrato: "Subministración de unha motoniveladora usada"

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Urxente
- b) Procedemento: Aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación
- c) Criterios de adxudicación:

Cada oferente só poderá presentar unha única oferta cun límite máximo de 180.000 €, IVE non incluído.

PRIMEIRA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR PRECIO (Máximo 10 puntos):

- o Se VM (Prezo Motoniveladora) é maior ou igual a 180.000 euros

Impostos non engadidos. 0 Puntos.

- o Se VM (Prezo Motoniveladora) é menor a 180.000 euros

Impostos non engadidos, aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = 180 - (\text{VM}/1000)$$

SEGUNDA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR MENOR ANTIGÜIDADE (máximo 8 Puntos):

- o Se AM (Antigüidade en anos da Motoniveladora) é igual a 8 anos.

0 Puntos.

- o Se AM (Antigüidade en anos da Motoniveladora) é inferior a 8 anos, aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = (8 - \text{AM}) * 4$$

TERCEIRA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR AUMENTO DE PRAZO DA GARANTÍA (máximo 8 Puntos):

o Aplicarase a base de 2 puntos por cada seis meses de extensión de garantía sobre os 12 meses mínimos esixidos no prego de condicións técnicas.

CUARTA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR ANTICIPO SOBRE O PRAZO DE ENTREGA MÁXIMO (máximo 6 puntos):

o Se TEM (Tempo de entrega en meses da Motoniveladora) é igual a 4 meses

0 Puntos.

o Se TEM (Tempo de entrega en meses da Motoniveladora) é inferior a 4 meses

Puntos = (4-TEM) x 1,5

4. Orzamento base de licitación:

a) Importe neto: 180.000 euros. IVE: 37.800 euros. Importe total: 217.800 euros.

5. Garantías esixidas.

Provisional: Non se esixe.

Definitiva (%): 5% do importe de adjudicación do contrato, excluído o IVE.

6. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación: oito días naturais, contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

7. Apertura de ofertas:

Será publicada na plataforma de Contratación do Sector Público.

8. Gastos de Publicidade:

por conta do adjudicatario.

Pol a 6 de marzo de 2018.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega

R. 0680

A PONTENOVA

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía número 2018-0055, de data 12 de febreiro de 2018, o Sr. Alcalde D. Dario Campos Conde, delegaba no Segundo Tenente de Alcalde D. Don Francisco Martínez Bermúdez, con DNI.: 76.566.746-E, por motivos persoais, o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía: poder asinar o "CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE A PONTENOVA PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN: ADQUISICIÓN DE TERREOS E CONSTRUCCIÓN DE COMPLEXO RESIDENCIAL PARA PERSOAS MAIORES DO MUNICIPIO DE A PONTENOVA".

Dado na Pontenova, a vinte e sete de febreiro de 2018, data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do concello.-

O Alcalde, 27 de febreiro de 2018.- Darío Campos Conde

R. 0633

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Acordado por o Pleno da Corporación o inicio do expediente de desafectación dos seguintes inmobles:

Situación	Nº de Orde no libro Inventario	NOME DA PROPIEDAD	USO
PORTOMARIN	54	VIVENDA	PUBLICO

Sométese o expediente de DESAFECTACION para calificación como Bens de propios (patrimoniais), a información pública durante o prazo de UN MES, contado a partir do seguinte o de publicación do presente no B.O.P., conforme ao disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Portomarín, 22 de febreiro de 2017.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

R. 0589

RIBADEO*Anuncio*

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 01.03.2018 por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, para a adxudicación do **“ALLEAMENTO ONEROSO DOS BENS PATRIMONIAIS N º 2 E Nº 4 DA RÚA BISPO VERES DE RIBADEO ”(Nº EXPEDIENTE 3666/2017)** conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: CONCELLO DE RIBADEO

A) Dependencia que tramita o expediente. SECRETARIA

Obtención de documentación e información:

1) Dependencia. Negociado de Contratación

2) Domicilio. Praza de España, 1

3) Localidade e código postal: Ribadeo 27700

4) Teléfono. 982 128650

5) Telefax. 982 130975

6) Correo electrónico. contratacion@ribadeo.org

7) Enderezo de Internet do perfil do contratante. <http://ribadeo.sedelectronica.gal/contractor-profile-list>

2. Obxecto do Contrato:

Contrato privado de alleamento mediante poxa, procedemento aberto, único criterio de adxudicación

Lugar de execución/entrega: Ribadeo

1) Domicilio. Praza de España, 1

2) Localidade e código postal. Ribadeo, 27700.

3. Valor estimado do contrato: é de 134.211,00€ mais 13.421,10 € de IVE, isto é un total de 147.452,10 €

4. Garantías esixidas.

Provisional (%): 5 po 100 do prezo de licitación, sen IVE

5. Requisitos específicos do contratista:

Segundo pregos de cláusulas administrativas.

6. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación. **20 días naturais** dende a data de publicación no BOP de Lugo.

b) Modalidade de presentación. As previstas no art. 16 da lei 39/2015 de 2 de outubro de procedemento administrativo das Administracións Públicas

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia. EXCMO CONCELLO DE RIBADEO

2. Domicilio. Praza de España, 1

3. Localidade e código postal: Ribadeo 27700

4. Enderezo electrónico: contratacion@ribadeo.org.

7. Apertura de ofertas:

A partir do 2º día hábil tras do remate do prazo de presentación das proposicións.

Ribadeo, a 2 de marzo de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R.0652

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 28.02.2018 por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, para a adxudicación do contrato de servizo relativo ao **“ ASISTENCIA TÉCNICA DE COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE EN OBRAS MUNICIPAIS”(Nº EXPEDIENTE 439/2018)** conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: CONCELLO DE RIBADEO

A) Dependencia que tramita o expediente. SECRETARIA

Obtención de documentación e información:

1) Dependencia. Negociado de Contratación

2) Domicilio. Praza de España, 1

3) Localidade e código postal: Ribadeo 27700

4) Teléfono. 982 128650

5) Telefax. 982 130975

6) Correo electrónico. contratacion@ribadeo.org

7) Enderezo de Internet do perfil do contratante. <http://ribadeo.sedelectronica.gal/contractor-profile-list>

2. Obxecto do Contrato:

Contrato de servizo, procedemento aberto, único criterio de adxudicación

Lugar de execución/entrega: Ribadeo

1) Domicilio. Praza de España, 1

2) Localidade e código postal. Ribadeo, 27700.

3. Valor estimado do contrato: é de 37.190,08 € mais 7.809,92 € de IVE, isto é un total de 45.000,00 €, tendo en conta a posible prorroga

4. Garantías esixidas.

Definitiva (%): 5 po 100 do prezo da adxudicación, sen IVE

5. Requisitos específicos do contratista:

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional. Segundo pregos de cláusulas administrativas.

6. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación. **15 días naturais** dende a data de publicación no BOP de Lugo.

b) Modalidade de presentación. As previstas no art. 16 da lei 39/2015 de 2 de outubro de procedemento administrativo das Administracións Públicas

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia. EXCMO CONCELLO DE RIBADEO

2. Domicilio. Praza de España, 1

3. Localidade e código postal: Ribadeo 27700

4. Enderezo electrónico: contratacion@ribadeo.org.

7. Apertura de ofertas:

A partir do 2º día hábil tras do remate do prazo de presentación das proposicións.

Ribadeo, a 1 de marzo de 2018 O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 0653

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 26/02/2018 o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2018; por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse

recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 26 de febreiro de 2018.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega

R. 0591

RIBEIRA DE PIQUÍN

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2018, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2018, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 26 de febreiro de 2018.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0639

SARRIA

Anuncio

RESOLUCIÓN Nº 8/2018

RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENCIA APROBANDO AS BASES E A CONVOCATORIA

Visto o Decreto Nº 09/14 del OO.AA. Residencia de Maiores "NOSA SEÑORA DO CARME", polo que se establece o protocolo polo que se rixen os chamamentos das persoas incluídas nas bolsas de emprego para cubrir ó persoal do OO.AA. Residencia de Maiores "NOSA SEÑORA DO CARME" e vistas as listas de contratación na cal non existen aspirantes que se encontren de alta nas mesmas para cubrir as distintas necesidades de servizo esixidas pola inspección de Asuntos Sociais para cubrir a rateo mínima de persoal de atención directa esixida pola normativa de atención a persoas dependentes, procédese a apertura das mesmas nas diferentes categorías profesionais recollidas no Convenio Colectivo do OO.AA.

Visto que é necesario cubrir prazas de **Auxiliar de Xeriatria** en réxime de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, en vista da necesidade de dispoñer do persoal necesario para cubrir as baixas, vacacións, e demais supostos nos que sexa necesario complementar o suplir ó persoal da Residencia de Anciáns "A Nosa Señora do Carme", Organismo Autónomo do Concello de Sarria.

Examinadas as bases da convocatoria para o acceso á Bolsa de Emprego de **Auxiliar de Xeriatria**, en relación coa selección de persoal comentada, de conformidade co artigo 7 dos Estatutos deste Organismo Autónomo e co Informe de Secretaría 2018-0034 de data de 23 de febreiro de 2018.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes bases reguladoras das probas selectivas para cubrir a/s praza/s arriba referenciada/s, en réxime de persoal laboral, mediante o sistema de concurso-oposición, que foron informadas pola secretaria do Concello de Sarria mediante Informe de Secretaría 2018-0034 en data de 23 de febreiro de 2018.

BASES PARA A CONVOCATORIA acceso á Bolsa de Emprego

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

O Obxecto das presentes Bases é a convocatoria para o acceso á Bolsa de Emprego de **Auxiliar de Xeriatria**, á os efectos de dispoñer do persoal necesario para cubrir as baixas, vacacións, e demais supostos nos que sexa necesario complementar o suplir ó persoal da Residencia de Anciáns "A Nosa Señora do Carme", Organismo Autónomo do Concello de Sarria.

As prazas referidas están adscritas a Residencia de Maiores de Sarria e as funcións que teñen encomendadas son as seguintes:

- a). Hixiene persoal das persoas usuarias.
- b). Segundo o plan funcional dos centros, debe efectua-la limpeza e mantemento dos utensilios de das persoas usuarias, facer las camas, colaborar en manter ordeados os cuartos, recolle-la roupa, levala a lavandería e encargarse da roupa persoal das persoas usuarias.
- c). Dar de comer a aquelas persoas usuarias que non o podan facer por si mesmas. Neste sentido, ocuparase igualmente da recepción, distribución y recollida das comidas ás persoas usuarias.
- d). Realiza- los cambios posturais e aqueles servizos auxiliares que dacordo ca súa preparación técnica lle sexan encomendados.
- e) Comunica-las incidencias que se produzan sobre a saúde das persoas usuarias.
- f). Limpar e prepara-lo mobiliario, materiais e caixa de urxencias
- g). Acompaña-lo usuario nas saídas, paseos, xestións, excursións, centros sanitarios, xogos e tempo libre en xeral.
- h). Colaborar co equipo de profesionais mediante a realización de tarefas elementais que complementen os servizos especializados daqueles, para proporciona-la autonomía persoal do residente e a súa inserción na vida social.
- i) Atender, sempre dentro das pautas que marque a dirección e o plan funcional, a familiares das persoas usuarias e participar na integración destas na vida do centro.
- j) En tódalas relacións ou actividades co residente, procurar complementa-lo traballo asistencial, educativo e formativo que reciban dos profesionais respectivos.
- k). Actuar na coordinación e baixo a responsabilidade dos profesionais dos que dependan directamente.
- l). Sixilo profesional sobre o proceso patolóxico que sufran os residentes, así como asuntos referentes a súa intimidade.
- ll). En xeral todas aquelas actividades que, sen ser especificadas antes, lle sexan encomendadas, que estean incluídas no exercicio da súa profesión e preparación técnica, e que teñan relación co sinalado anteriormente.

SEGUNDA. MODALIDADE DO CONTRATO

A modalidade do contrato é temporal, segundo o establecido no Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A retribución neta será fixada segundo o Convenio Colectivo da Residencia de Anciáns.

TERCEIRA. Condicións de Admisión de Aspirantes

De conformidade co artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión do Graduado Escolar ou certificado da E.S.O.
- Ter realizado o curso de "XEROCULTOR/A" .

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os que desexen participar na selección deberán solicitalo mediante a instancia que se achega, nos 5 días seguintes á publicación do anuncio da presente convocatoria no BOP, podendo examinar as bases na páxina WEB do Concello de Sarria e no Taboleiro de anuncios da Residencia de Maiores "Nosa Señora do Carmen" e no portal de transparencia.

Dirixirse á Presidenta/o do Organismo Autónomo da Residencia de Maiores "Nosa Señora do Carmen", e poderase presentar no Rexistro desta entidade local, nos días laborais (o horario de oficina é das 9:00-14:00 horas de luns a venres e ata as 13:00 horas os sábados); ou por calquera medio dos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o modelo oficial que se xunta como Anexo I das presentes bases.

No caso de non presentarse por rexistro, o/a interesada comunicará a súa solicitude de participación no

proceso selectivo mediante fax: 982530916

Os/as aspirantes que precisen adaptacións no tempo e medios para a realización das probas, por estar afectados por algunha discapacidade, indicaranos, a fin de que podamos adoptar as medidas oportunas.

Á instancia xuntarase a fotocopia do DNI, os documentos que xustifiquen os méritos alegados na fase de concurso, e o curriculum vitae. Neste último especificaranse os seguintes apartados:

a) Titulacións académicas que se posúen.

b) Diplomas dos cursos recibidos que estean vinculados ás funcións do posto de traballo, co número de horas de formación.

c) Experiencia profesional, especificando a categoría profesional, a duración da xornada ou o número de horas, no caso de tratarse de prácticas.

A acreditación deste apartado realizarase mediante contrato de traballo e o informe da vida laboral da TXSS; ou ben a través do certificado que emita o órgano competente da empresa ou a Administración correspondente onde se desenvolveu a actividade profesional ou as prácticas: orixinal ou fotocopia.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro do Concello, na web e no portal de transparencia, a lista de admitidos e excluídos e sinalarase a causa de exclusión. O prazo para a subsanación de defectos será de 3 días. No caso de non haber aspirantes excluídos omitirase este prazo.

Na dita resolución determinarase os extremos seguintes:

- Lugar, data e hora de comezo do exercicio
- Composición do Tribunal
- Lugar en que permanecerá exposta a lista definitiva
- Relación de aspirantes excluídos.

Os aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único. De non asistir, quedarán decaídos no seu dereito.

A publicación dos anuncios das probas efectuarase polo tribunal no taboleiro desta entidade local.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os Tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Tres Vogais.

Así mesmo, segundo o artigos 59 Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os tribunais que xulguen as probas selectivas non poderán estar compostos maioritariamente por persoal funcionario dos corpos ou escalas de que se trate, así mesmo ningunha persoa integrante terá titulación inferior á esixida para a admisión ás probas.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA. SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS

A) FASE OPOSICIÓN (6 PUNTOS):

Único exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio: Consistirá na realización de unha proba de aptitude eliminatoria e obrigatoria para os/as aspirantes, proposta polo Tribunal, atendendo ás características típicas do posto de traballo.

O exercicio será cualificado entre 0 e 6 por cada un dos integrantes do Tribunal. A nota media resultante de todas as notas individuais determinará o resultado nesta fase. Será preciso obter unha cualificación igual ou superior a tres puntos para superar este exercicio.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

B) FASE DE CONCURSO (4 PUNTOS):

Para pasar á fase de concurso, os/as aspirantes deberán superar previamente a fase de oposición.

A fase de concurso valorarase ata un máximo de 4 puntos en función da documentación que achegen os/as aspirantes. Non serán obxecto de cualificación aqueles méritos que non se presentaran no tempo e na forma prescrita.

O baremo que será utilizado é o seguinte:

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por estar desempeñando ou haber desempeñado postos de traballo relacionados co obxecto das bases da convocatoria: 0,10 PUNTOS por cada mes de servizo en postos similares, **ata un máximo de 2 PUNTOS.**

Os servizos prestados acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e as copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do/da aspirante. En todo caso o/a aspirante deberá acreditar as funcións ou tarefas que desempeñaba. (punto cuarto destas bases)

2.- FORMACION COMPLEMENTARIA: Por outros cursos relacionados co posto de traballo, **ata un máximo de 1,5 PUNTOS.** Coa seguinte valoración:

- De ata 50 horas, 0,10 puntos.
- De máis de 51 horas, 0,20 puntos.

Os cursos acreditaranse mediante a presentación de certificacións ou dos diplomas xustificativos da súa realización.

3.- CURSOS DE GALEGO:

- Iniciación ou certificación de aptitude do Celga 3, **0,25 PUNTOS**
- Perfeccionamento ou certificado de aptitude do Celga 4, **0,5 PUNTOS**

A PUNTUACIÓN MÁXIMA SERÁ DE **0,5 PUNTOS** E VALORARASE SÓ O DE MAIOR PUNTUACIÓN.

Os cursos acreditaranse mediante a presentación de certificacións ou dos diplomas xustificativos da súa realización.

OITAVA. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Nomeamento.

Unha vez concluída a realización e cualificación dos exercicios e valorados os méritos, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios deste concello, a relación de aprobados por orden de puntuación que, para cada aspirante, será a suma das puntuacións obtidas no exercicio da fase de oposición incrementada coa correspondente á fase concurso; así como o orden de composición da bolsa de traballo por rigoroso orden de puntuación obtida.

No suposto de igual puntuación, atenderase a maior puntuación obtida no exercicio práctico. De persistir o empate resolverase a favor do de maior idade.

Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de cinco días naturais, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Aqueles que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

DÉCIMA. Funcionamento da Bolsa de Traballo.

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes por baixas, vacacións, e demais supostos nos que sexa necesario complementar o suplir ó persoal da Residencia de Anciáns “A Nosa Señora do Carme”, Organismo Autónomo do Concello de Sarria, ordenadas segundo a puntuación obtida.

1. Os seleccionados serán chamados mediante un sistema de dobre chamada telefónica, na cal si o aspirante non responde, realizarase un segundo intento deixando transcorrer un tempo de quince minutos. Si efectuado o segundo intento non responde a chamada, o aspirante perde o dereito a ese contrato e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego.

2. O integrante da bolsa de emprego que obteña un contrato a través da mesma causará baixa na mesma ata que finalice dito contrato. Unha vez finalizado volverá a causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación os puntos obtidos.

3. A renuncia a un posto ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo

4. O aspirante que se encontre nalgunha das circunstancias anteriores causará baixa na bolsa de emprego ata que a causa desapareza e se acredite debidamente ante a Dirección ou responsable do Organismo Autónomo, volvendo de este xeito a causar alta na bolsa de emprego no mesmo posto que se encontraba.

5. Cando se produza unha renuncia a un posto ofertado, o aspirante deberá persoarse no Organismo Autónomo “Nosa Señora do Carme” dentro de 3 días hábiles o para firmar a renuncia ou ben presentar unha acreditación correspondente de encontrarse nalgún dos supostos mencionados no punto 3. E de non ser así será expulsado da bolsa de emprego.

6. Asuma de tres renuncias nas que non se de ningunha das circunstancias concretadas anteriormente citadas supoñerá a expulsión da bolsa de emprego.

UNDÉCIMA. INCIDENCIAS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación que fose obtida polos aspirantes. Notificado o mesmo, o prazo para que se presente será de dous días.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Presidencia do Organismo Autónomo, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Provincia correspondente.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación.

ANEXO I (MODELO DE SOLICITUDE)

D/ Dna. _____, con DNI n.º _____, e con domicilio a efectos de notificacións en _____, Código Postal, _____, e tfno. _____,

EXPÓN

PRIMEIRO. Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia.

SEGUNDO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas ás probas de selección para constituír a bolsa de traballo para

TERCEIRO. Que aporto todos os documentos que se relacionan nas bases e toda a documentación xustificativa da fase de concurso:

Por todo iso,

SOLICITA

Que se admita esta solicitude para as probas para o proceso de selección para a constituición dunha bolsa de traballo para

En _____, a ____ de _____ de 20__.

O Solicitante,

Asdo.: _____.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia de LUGO e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Sarria e demais portais conforme determina o artigo 4 das presentes bases.

Mándao e asínao o Vicepresidente D. Efren Castro Caloto; do que, como Secretario, dou fe, en Sarria, a 26 de febreiro de 2018.

Ante min,

O Vicepresidente

O Secretario,

Asdo.: José Antonio Carro Asorey

Asdo.: Efren Castro Caloto

R. 0640

SOBER*Anuncio*

Por medio do presente anuncio efectúase convocatoria de procedemento aberto, para a licitación do contrato de servizos de "Recollida e transporte de residuos domésticos do Concello de Sober", conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora:

- a) Organismo. Concello de Sober (Lugo)
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información.
 1. Dependencia: Secretaría.
 2. Enderezo: Praza do Concello, s/n.
 3. Localidade: Sober (Lugo)
 4. Teléfono: 982460001
 5. Fax: 982460002
 6. Enderezo de correo electrónico: info@concellodesober.com
 7. Dirección perfil del contratante: www.concellodesober.com

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo. Servizos
- b) Descrición: Recollida e transporte de residuos domésticos no Concello de Sober (Lugo).

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Aberto
- c) Criterios de adxudicación: Varios criterios de adxudicación.

4. Orzamento base de licitación:

360.000 € (IVE incluído) (90.000 €/ano durante catro anos)

5. Garantías esixidas: según prego.

6. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

- a) Data límite de presentación: Quince días naturais, contados a partir da publicación deste anuncio no BOP.
- b) Lugar de presentación: rexistro xeral do concello ou calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sober (Lugo), 28 de febreiro de 2018.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián

R. 0661

O VICEDO*Anuncio***EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 20 de febreiro de 2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro de 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 20 de febreiro do 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0643

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 28 de febreiro de 2018, aprobou a “CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO”.

Por medio deste anuncio, publícase a licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello do Vicedo
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
 1. Dependencia: Secretaría.
 2. Enderezo: Trav. da Mariña, 57
 3. Localidade e C.P.: O Vicedo – 27.860
 4. Teléfonos: 982590029
 5. Telefax: 928590001
 6. Correo electrónico: concello@concellodovicedo.org
 7. Dirección internet: www.concellodovicedo.org
 8. Data límite de obtención de información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

2.- Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: servizo.
- b) Descrición: O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de axuda a domicilio (S.A.D.) prestación básica e dependencia.

c) División por lotes: Non.

d) Lugar de execución/entrega: Concello do Vicedo

e) Prazo de duración: A duración do contrato será de DOUS ANOS contados dende a data do inicio do servizo.

f) Admisión de prórroga: Si, poderá ser prorrogado por outros dous, por mutuo acordo das partes contratantes, sendo a duración máxima do contrato de catro anos incluídas as prórrogas.

g) Establecemento de acordo marco: Non

h) CPV 2008: 85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos.

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

c) Criterios de adxudicación: Figuran na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4.- Valor estimado do contrato: 69.888,00 euros.

5.- Orzamento base de licitación: 13,00 euros/hora (excluído IVE).

SAD BÁSICO: 13,00 euros/hora + 1,30 euros (10% IVE)= 14,30 euros (total).

SAD DEPENDENCIA: 13,00 euros/hora + 0,52 euros (4% IVE) = 13,52 euros (total).

6.- Garantías:

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

7.- Requisitos específicos do contratista:

a) Solvencia: A sinalada na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas.

b) Clasificación: Non.

8.- Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Modalidade de presentación: Formato papel.

c) Lugar de presentación:

1) Dependencia: Concello do Vicedo, nas oficinas do rexistro xeral ou por correo postal.

2) Enderezo: Travesía da Mariña, 57 – 27860 – O Vicedo (Lugo)

d) Admisión de variantes: Non.

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 2 meses.

9.- Apertura das ofertas:

a) Entidade: Concello do Vicedo.

b) Enderezo: Trav. da Mariña, 57

c) Localidade: 27860 – O Vicedo

d) Data e hora: Cinco días hábiles seguintes ó do remate do prazo de presentación de proposicións. A hora comunicárase con anterioridade no perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: Serán por conta do adxudicatario.

11.- Outras informacións: As recollidas no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

O Vicedo, 28 de febreiro de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez